

A C T A 19/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 23 DE DECEMBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e tres de decembro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.^a Carmen Diéguez González

Secretaría xeral:


D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 949/19 á 1038/19)**
- 2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2020**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA DESIGNACIÓN DA REPRESENTANTE POLÍTICA DO CONCELLO DE TEO NOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA**
- 5.- MOCIÓNS**
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS**



Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia neste intre da concelleira do PP, D.^a M^a Teresa Castro Framil, indicando que se vai a retrasar un pouco debido a un atasco, pasándose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 949/19 á 1038/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de novembro ata o 17 de decembro de 2019, que comprenden os números 949 ao 1038, indicando o sr.



alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 18 de decembro de 2019

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2020.

O sr. alcalde da conta da proposta de 11 de decembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes do 17 de decembro de 2019.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE TEO 2020

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 132 dedicado á planificación normativa que, anualmente, as administracións públicas, farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recoñece aos concellos a potestade regulamentaria que se concreta na autonomía para desenvolver normas xurídicas, no ámbito das súas competencias, que emanan do Pleno da Corporación ao que corresponde a súa aprobación inicial e definitiva.

Estas normas son as Ordenanzas, que regulan a actividade da veciñanza e particulares, e os Regulamentos, que regulan os servizos e órganos municipais.

Tendo en conta o arriba exposto e as previsións regulamentarias dos distintos departamentos administrativos do Concello, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Plan Normativo municipal do Concello de Teo para o exercicio 2020 que figura como anexo.

Segundo.- Publicar este acordo no Portal de transparencia do Concello de Teo.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a execución do acordado.

Teo, a 11 de novembro de 2019

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

**Plan Normativo municipal do Concello de Teo para o exercicio 2020
Previsión de modificación de Regulamentos e de Ordenanzas
fiscais e reguladoras**

Servizo: Administración Xeral

Norma: ROM

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa vixente

Servizo: Benestar

Norma: Hortas urbanas

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Simplificar e modificar deficiencias detectadas

Servizo: Benestar

Norma: Regulamento e Ordenanza fiscal do Servizo de estimulación cognitiva para alzheimer

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Regular o Servizo que se presta ás persoas con alzheimer ou demencias de xeito intensivo. Existe o servizo pero non está regulado

Servizo: Deportes

Norma: Regulamento de utilización dos pavillóns deportivos municipais

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Incorporara todas as instalacións deportivas municipais, como campos de fútbol e áreas deportivas exteriores

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora de actos de disciplina urbanística

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora da taxa reguladora das licenzas urbanísticas

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora de ornato público

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Regulación e control o estado dos solares

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora de ornato público

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Regulación e control o estado dos solares

Servizo: Abastecemento e saneamento

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Incorporara bonificación familias monoparentais e adaptar os consumos mínimos en función das persoas empadroadas nas vivendas

Servizo: Participación veciñal

Norma: Regulamento de utilización dos locais socioculturais municipais

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adecuar a normativa á realidade actual de uso dos locais municipais clarificando tamén diversos aspectos

Servizo: Mobilidade

Norma: Regulamento de funcionamento do Servizo de Taxi

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adecuar a normativa á realidade actual de uso complementando algunhas deficiencias

Servizo: Comercio

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa do dominio público para a venda ambulante e da Ordenanza municipal de venda ambulante

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adecuar a normativa á realidade actual de uso e regular usos non contemplados”

Sendo as vinte horas e nove minutos entra no Salón de Plenos a concelleira do PP, D.^a M^a Teresa Castro Framil.

O sr. alcalde sinala que ata o de agora nunca se fixera o Plan, aínda que dende Secretaría se lles viña lembrando a necesidade de dar cumprimento a esa obriga, polo que este ano se fixo un primeiro avance dende os distintos departamentos do que podería ser as previsións de modificacións de regulamentos ou ordenanzas ou de creación de novas.

Sinala que existe un erro de duplicidade, porque, tratándose do servizo de urbanismo, se repite a ordenanza reguladora de ornato público, polo que habería que suprimir unha.

Espera o sr. alcalde que se poidan cinguir a esas previsións, aínda que se xorden outras modificacións haberá que facelas, esperando que para o vindeiro ano a programación sexa máis detallada e con maior proxección de futuro.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio do seus respectivos grupos.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

Neste intre aclárase que se someterá a votación a proposta ditaminada, modificándoa nos termos expostos de eliminar a duplicidade detectada da Ordenanza reguladora de ornato público, no servizo de urbanismo.

Os/as concelleiros/as amosan a súa conformidade ao efecto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos e favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan Normativo municipal do Concello de Teo para o exercicio 2020 que figura como anexo.

Segundo.- Publicar este acordo no Portal de transparencia do Concello de Teo.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a execución do acordado.

**Plan Normativo municipal do Concello de Teo para o exercicio 2020
Previsión de modificación de Regulamentos e de Ordenanzas
fiscais e reguladoras**

Servizo: Administración Xeral

Norma: ROM

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa vixente

Servizo: Benestar

Norma: Hortas urbanas

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Simplificar e modificar deficiencias detectadas

Servizo: Benestar

Norma: Regulamento e Ordenanza fiscal do Servizo de estimulación cognitiva para alzheimer

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Regular o Servizo que se presta ás persoas con alzheimer ou demencias de xeito intensivo. Existe o servizo pero non está regulado

Servizo: Deportes

Norma: Regulamento de utilización dos pavillóns deportivos municipais

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Incorporara todas as instalacións deportivas municipais, como campos de fútbol e áreas deportivas exteriores

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora da emisión e recepción de ruidos, vibracións e condicións dos locais

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora de actos de disciplina urbanística

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica



Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora da taxa reguladora das licenzas urbanísticas

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adaptación á normativa autonómica

Servizo: Urbanismo

Norma: Ordenanza reguladora de ornato público

Actuación que se pretende: Redacción e aprobación

Motivo da actuación: Regulación e control o estado dos solares

Servizo: Abastecemento e saneamento

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Incorporara bonificación familias monoparentais e adaptar os consumos mínimos en función das persoas empadroadas nas vivendas

Servizo: Participación veciñal

Norma: Regulamento de utilización dos locais socioculturais municipais

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adecuar a normativa á realidade actual de uso dos locais municipais clarificando tamén diversos aspectos

Servizo: Mobilidade

Norma: Regulamento de funcionamento do Servizo de Taxi

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adecuar a normativa á realidade actual de uso complementando algunhas deficiencias

Servizo: Comercio

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa do dominio público para a venda ambulante e da Ordenanza municipal de venda ambulante

Actuación que se pretende: Modificación

Motivo da actuación: Adecuar a normativa á realidade actual de uso e regular usos non contemplados"

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA DESIGNACIÓN DA REPRESENTANTE POLÍTICA DO CONCELLO DE TEO NOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA.

O sr. alcalde da conta da proposta de 11 de decembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 17 de decembro de 2019.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: aprobación da designación da representante política do Concello de Teo nos órganos da Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega

O Pleno da Corporación, na sesión do 18 de decembro de 2018 aprobou o "Ditame da Proposta da Alcaldía para a adhesión do Concello á Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega", nomeando como representante política do concello de Teo a M^a. Pilar Pérez Fagil na asemblea da Asociación e ao técnico de normalización lingüística, como representante técnico.

Á vista de que, como resultado das eleccións locais do pasado mes de maio de 2019, se produciron cambios na Corporación Municipal e que M^a. Pilar Pérez Fagil xa non é membro da Corporación, pasando a ser María López Álvarez a concelleira delegada da área de lingua, por Decreto de Alcaldía 844/2019 de 25/10/2019 (do que se deu conta no Pleno da Corporación de 27 de novembro de 2019), foi nomeada María López Álvarez, *“como representante política deste Concello ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega para asistir á Asemblea Xeral de Teo os días 26 de outubro de 2019, e a todos aqueles actos que poidan convocarse ata que haxa un novo acordo plenario de designación de representante político”*.

Á vista de que, segundo o mencionado anteriormente, é necesario regularizar esta situación transitoria cun acordo adoptado polo Pleno da Corporación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Designar a dona María López Álvarez, concelleira delegada de lingua e mocidade, como representante política deste Concello ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

Segundo.- Comunicar este acordo á Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega, a fin de que conste aos efectos oportunos”.



Preguntado polo sr. alcalde, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Designar a dona María López Álvarez, concelleira delegada de lingua e mocidade, como representante política deste Concello ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

Segundo.- Comunicar este acordo á Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega, a fin de que conste aos efectos oportunos.

5.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sexto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que quere facer un rogo relativo a Ribas, que xa comentou nalgunha ocasión en privado. Explica que se reurbanizou este ano e quedou moi bonito, porén agora mesmo caeron as follas dos carballos e outras árbores e algunhas follas coláronse nos condutos da auga e os está tupindo. Ademais existe outro problema porque hai unha finca, mesmo fronte a capela, que trae moitísima auga, e onte estaba embalsada e a canalización non daba filtrado toda a auga, e xa ía a auga por enriba do cemento.

O sr. alcalde sinala que esa era a que estaba pendente da segunda arqueta de pluviais, xa que cando se fixo a primeira arqueta de pluviais se quedou en facer un segunda, precisamente por ese problema.

A sra. Diéguez sinala que o da folla era conveniente que se recollese e que arranxara o que xa está tupido.

2.- O sr. Fernández refírese ao colector de Espasande. Sinala que non sabe como está a obra, no que ten que ver tanto co colector como coa senda peonil, engadindo que lle gustaría saber cal é a previsión de remate.

O sr. alcalde sinala que a obra está pendente de rematar despois do día de reis. Explica que concretamente o que falta é compactar unha parte que se botou agora, tres ou catro tubos máis de desagüe do lado de arriba cara ao río e completar o tramo de demarcación con madeira, que acaba abruptamente nun sitio e ten que chegar un pouco máis adiante. Explica o sr. alcalde que a obra de saneamento está lista, xa se fixeron incluso solicitudes, porque se querían facer as acometidas que entroncan coa senda antes de facer ese repaso, para que despois non haxa problemas de ter que estar levantando.

O sr. Fernández pregunta se nesas previsións de canalización se inclúe un rego que vai pola zoa de Bustelo.

O sr. alcalde sinala que si, que se vai a facer unha arqueta daquel lado.

O sr. Fernández sinala que estes días coas choiva viuse que senón acabaría destrozando o firme da senda.

3.- O sr. Fernández sinala que en Insua existe unha fonte, que está medio abandonada, e pregunta se vai a quedar así.



O sr. alcalde sinala que alí hai o lavadoiro vello, en relación co que tamén se mirou de facer algo, e o lavadoiro novo, o que ten a cuberta, e haberá que darlle unha saída da auga que sae de alí. Sinala que a depuradora haberá que sacala, pero non se pode sacar ata que este feito o bombeo de Sestelo. Unha vez retirada a EDAR haberá que darlle unha saída á zoa. Remata o sr. alcalde sinalando que a fonte tampouco é que teña un gran valor, e case parece máis importante recuperar a pontella que existe alí.

O sr. Fernández sinala que agora a auga vai de volta para a fonte, en lugar de ir da fonte para o río vai do río para a fonte

4.- O sr. Fernández sinala que xa plantexou fai varios Plenos o dos muíños en bo estado que están nesa zoa, ao borde do río. Sinala que falta ese acceso que se quedara sen facer e pregunta se se vai a facilitar o acceso.

O sr. alcalde resposta que si.

5.- Sinala o sr. Fernández que dado que este é o último Pleno do ano, lle gustaría saber cal é a previsión do goberno municipal de cara aos orzamentos 2020.

O sr. alcalde sinala que a situación dos orzamentos é complicada. Explica que os orzamentos están feitos, valorados e incluso comentouse algo co propio sr. Fernández, porén o problema é o Plan FEDER 2020, que supón que, de inicio, se se fan uns orzamentos novos teñen que contemplar cerca de 800.000 € para a execución dese proxecto. Trátase duns fondos nos que, de cada 20.000 € que pon o Concello, Europa pon 80.000 €, co que costa renunciar a iso, porén o que ocorre é que eses fondos que veñen de Europa non teñen en conta a regra de gasto, e non se poden facer uns orzamentos que se pasen dita regra.

Aclara o sr. alcalde que se trata dunha situación difícil de salvar, aínda que pensan que se pode salvar, engadindo que están convencidos de que a quizais a única forma será ter un orzamento prorrogado. Explica que nas licitacións estanse tendo unhas baixas de en torno ao 40 %, e un 40 % de 3.000.000 €, é 1.000.000 €, que é o que se

pasarían na regra de gasto, polo que haberá que traballar economicamente nesa previsión, porque pensan que na liquidación se poden axustar a regra de gasto. Aclara o sr. alcalde que hai feita unha estimación económica de como afrontar ese problema, que se pode remitir a semana que ven para que os/as concelleiros/as poidan ver as previsións. Explica o sr. alcalde que as previsións dan que habería un gasto maior de ingresos nuns 400.000 €, porén iso non supón un gran problema porque nos últimos anos o superávit do concello estaban por enriba dos 500.000 €, e axustando, o que obrigaría a ir moi encima do gasto e a ter un control exhaustivo durante todo o ano, os sitúa uns 40.000 € por enriba da regra de gasto, resultando que 40.000 € se poden corrixir porén 700.000 € non se poden corrixir. Remata o sr. alcalde sinalando que seguramente se optará por esa vía e lles farán chegar a semana que ven, e a máis tardar á volta de reis, esa previsión para que poidan valorala e facer as preguntas que consideren.

O sr. Fernández di que agardará por esa información.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O concelleiro do PP, sr. Guerra, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra interésase polas barandillas na zona dos muíños para baixo, en Insua.

O sr. alcalde explica que está posta a da entrada, onde tamén se vai a facer un pedraplen, porque queda alí un desnivel. Sinala que é moito máis complicada cando remata a zona dos bordes de madeira e comeza aquel percorrido pola zona, porque, co ancho da senda, non hai posibilidade de suxeición das barandillas. Explica o sr. alcalde que haberá que sinalizalo debidamente e en todo caso se pode pensar de cara ao futuro en facer unha estrutura portante de madeira, con apoios independentes que non teñan que ir naquela zona, porén agora se ía de orzamento.



O sr. Guerra sinala que se chega alí ao lavadoiro que está metidos no regato, tamén hai que facer algo.

O sr. alcalde sinala que alí é máis fácil e se pode facer, porque hai máis agarre.

O sr. Guerra sinala que o tubo de alcantarillado que ven da casa de Luis Bustelo, tamén hai que cruzalo.

O sr. alcalde sinala que si.

O sr. Guerra sinala que, tamén e como sinalou o sr. Fernández, tratándose das pedras da Pontella, haberá que adecentalo.

2.- O sr. Guerra sinala que na Póboa os veciños quéixanse de que a pista que parte da gardería está inundada e hai baches e está intransitable. Sinala que haberá que limpar a cuneta.

3.- Refírese o sr. Guerra á pista de Cornide e sinala que está intransitable e haberá que mirar por ela.

4.- O sr. Guerra sinala que como xa dixo nalgún Pleno os veciños piden un paso de peóns no edificio das palomas.

O sr. alcalde sinala que é da Deputación. Explica que a Deputación fixo un proxecto, coxeaba claramente en relación á reconstrución de muros e demais, fixeron un modificado e o levaron a Pleno cun informe de intervención que era demoledor e non se puido aprobar por esa vía, e se vai a ir por outra vía, pero esa outra vía retrasa seis ou nove meses a obra.

5.- Sinala o sr. Guerra que existe un camiño en Castres, baixando cara a Santa Eufemia, meténdose á esquerda, camiño que sae a residencia de anciáns, no que se deberían limpar as cunetas, asfaltar e reparar o camiño.

6.- Sinala o sr. Guerra que hoxe apareceu destellado o teleclub de Cacheiras, como consecuencia do temporal.

O sr. alcalde di que xa lles avisaron e que xustamente van agora.

7.- Sinala o sr. Guerra que en Lamas, Bamonde, hai unha pista que que está inundada estes días e hai que limpar a cuneta porque está intransitable.

8.- Sinala o sr. Guerra que en Lampai hai un camiño de terra que separa Teo de Vedra, pero que é de Teo, e so se pide que se bote terra para rechealo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde


CONCELLO DE TEO
Rafael Calisto Edreira

A secretaria


CONCELLO DE TEO
Secretaría
Virginia Fraga Díaz